



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO AS
MARIÑAS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Consorcio As Mariñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio As Mariñas para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes actividades:

- 1.- Exposición itinerante ao aire libre.
- 2.- Rutas turístico–culturais “Lloréns, o intérprete da paisaxe galega”: promoción e comercialización.
- 3.- Folleto turístico da Ruta do Impresionismo.
- 4.- Pinturas murais homenaxe a Lloréns.
- 5.- Desenvolvemento da Ruta do Modernismo na Coruña e a súa área metropolitana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago, tendo entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Os consorcios locais son Entidades Locais dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus respectivos estatutos.

Terceiro.- O artigo 5º letra c) dos Estatutos do Consorcio, referente o obxecto e fins do Consorcio, establécese como obxectivo deste asumir a execución de obras, plans, programas ou proxectos, que as entidades consorciadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa creación, instalación e prestación parcial ou integral.

Por outra parte, os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Cuarto.- O territorio do Consorcio As Mariñas conta cuns valores endóxeos de alto valor natural e cultural que a converten nun destino único: a súa diversidade natural, o seu legado patrimonial histórico-artístico ligado ao modernismo, e a súa enogastronomía constitúen vantaxes competitivas.





Quinto.- A través deste convenio procúrase a sensibilización tanto aos visitantes como aos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor un patrimonio natural, artístico e cultural que, ademais de ter unha clara proxección turística, é un importante factor de dinamización económica do xeodestino. As devanditas actuacións divulgarán a potencialidade da Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade que incida no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

Que a través deste convenio, outórgase ao Consorcio As Mariñas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

